

NO MESMO BARCO

[Rudy Gnutti, 2017]

208

ESTREA EN NUMAX: 06.03.2017 | V.O.S.E. | TODOS OS PÚBLICOS

In the Same Boat (2017, 72')

Dirección: Rudy Gnutti

Guión: Rudy Gnutti, Francisco Mir, Bernat Udina

Participación: Zygmunt Bauman, José Mújica, Serge Latouche, Anthony B. Atkinson, Mauro Gallegati, Erik Brynjolfsson, Daniel Raventós, Nick Hanauer, Mariana Mazzucato, Rutherford Bregman, Àlex Brendemühl

Son: Fernando Novillo

Montaxe: Aimon Ninyerola, Bernat Udina

Música: Rudy Gnutti

Fotografía: Félix Bonnin

Produtora: Films 59, Nao Cinematográfica, Ancora Música (España)

Distribuidora: Films59

Formato de proxección: DCP 2K

Idioma orixinal: Inglés, español, francés, italiano

FILMOGRAFÍA

Som el que fem, 2014 [TV]

L'ofici de l'artista, 2012 [TV]

«Impresionante radiografía do universo globalizado. No mesmo barco repasa a situación deste mundo no que aumentou a riqueza, pero tamén as desigualdades»

Begoña Piña, PÚBLICO

SINOPSE

Documental que fala de como este barco, metáfora da nosa civilización, ten diante unha oportunidade única: os avances tecnolóxicos poderían ser a clave para conseguir un mundo mellor e máis xusto, pero, se non aprendemos a administralos e non reorientamos o temón deste barco o futuro podería ser ameazado. O filme escoita os especialistas máis importantes e a personaxes tan emblemáticos como Zygmunt Bauman ou o ex presidente de Uruguai José Mújica.



NO MESMO BARCO

[Rudy Gnutti, 2017]

«Hai que desligar emprego e supervivencia»

Entrevista a Rudy Gnutti

Por Marcos Pérez Pena

Zygmunt Bauman comezou sendo unha voz máis no documental, pero no proceso foi involucrándose cada vez máis, interesándose moito polas reflexións que aquí se fan. Como foi a relación con el? Comecei a facer o documental hai tres anos, pero a idea víñame de moito antes. Eu estudei Antropoloxía en Roma e caeu nas miñas mans o libro *Traballar menos para traballar todos* do sociólogo Guy Aznar. Redactei unha sinopse e unha lista de persoas, tanto economistas como outras voces, que consideraba que tiñan que aparecer no documental. E unha das primeiras ás que lle enviei a sinopse foi Bauman e en menos dunha semana respondeume dicíndome que estaba moi interesado e no outono do 2014 pasei pola súa casa. Bauman non era un experto nestas cuestións, pero a min interesábame, porque parte do seu concepto de sociedade líquida baséase no cambio producido ao desaparecer a seguridade achegada polo posto de traballo estábel. A participación de Bauman facilitoume moito o traballo á hora de contactar con outros entrevistados. Unha vez que viú o documental case rematado, quedou tan encantado co resultado que propuxo facer unha presentación en Barcelona, que fixemos o pasado mes de febreiro no MACBA coa súa participación. A montaxe aínda non estaba lista, pero non podía negarme.

O filme péchase cunha reflexión de Bauman sobre as alternativas ao capitalismo, as pasadas e as presentes, moi valiosa en canto é unha persoa que viviu de pleno o século xx pero tamén albiscou os grandes cambios que estamos a vivir no XXI e que cobra máis valor aínda estes días, case a xeito de reflexión final sobre o futuro... Bauman dixo que o filme lle dera moita esperanza, pero en privado era máis cauteloso, un pouco como

recoñece no final da película, onde di que el xa viu pasar moitas utopías, que na súa posta en práctica non cumpriron as expectativas prometidas. El movíase entre un certo pesimismo e a convicción de que existe a posibilidade de poñer en práctica unha alternativa máis xusta. É dicir, que a situación é desastrosa, pero que poderíamos aproveitar o desenvolvemento tecnolóxico e a globalización para mellorar a sociedade.

O filme describe os efectos do crecente papel da tecnoloxía. Son necesariamente negativos? Esta progresiva desaparición do traballo polo avance cada vez maior da tecnoloxía non é necesariamente negativa. O que pasa é que non sabemos aínda como reorganizar a sociedade en base a esta nova realidade. Pero o bo é que creo que cada vez máis xente comeza a ter clara esta necesidade, e non só na esquerda ou nas clases traballadoras. E, ademais, non só en Occidente: China ou India están vivindo nos últimos anos un incremento bestial da produtividade e da incorporación da tecnoloxía aos procesos de produción, polo que tamén van comezar a sentir os mesmos fenómenos que xa vivimos aquí.

Entre as solucións propostas, todas pasan por un maior reparto do traballo e da riqueza, con alternativas como a renda básica... Bauman díxoo no documental: hai que desligar emprego e supervivencia. Estamos todos nun barco no que antes remaban 100 persoas e agora, cun motor, só teñen que remar 50. Que facemos coas 50 persoas que xa non poden remar? Poñémolas a remar aínda que non teñan que facelo? Polo tanto, temos que atopar un modelo para repartir o traballo ou para repartir a riqueza xerada por el. Creo que todas as propostas —renda básica, emprego garantido, redución de xornada, limitación da vida laboral— poden ser válidas. A clave é o reparto da riqueza. A renda básica e outras formas de redistribución da renda o que fan é poñer en común unha riqueza que é unha herdanza de toda a humanidade. E supón un camiño contrario ao proceso que se está dando agora, no que se socializa o risco, por exemplo á hora de innovar, cuxo custo é asumido maioritariamente polo Estado, e privatízanse os beneficios xerados por esta innovación, como di Mazzucato no filme.

Publicado en <http://praza.gal/>

NA LIBRARÍA NUMAX

¿La riqueza de unos pocos nos beneficia a todos?, Zygmunt Bauman. Paidós, 2014

Archipiélago de excepciones, Zygmunt Bauman. Katz, 2008

Ceguera moral, Zygmunt Bauman. Paidós, 2015

Contra la posmodernidad, Zygmunt Bauman. Alpha Decay, 2011

Vida líquida, Zygmunt Bauman. Planeta, 2013

Estado de crisis, Zygmunt Bauman. Paidós, 2016

La sociedad individualizada, Zygmunt Bauman. Cátedra, 2007

Extraños llamando a la puerta, Zygmunt Bauman. Paidós, 2016

Límite, Serge Latouche. Adriana Hidalgo, 2015

La megamáquina, Serge Latouche. Díaz & Pons, 2016

Un cinema,
unha libraría
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME